

boletín do ceesg

maio

aprobado

memoria de actividades

proxecto nº 2

proxecto nº 3

proxecto nº 4

asamblea xeral

Nº 16 | Maio de 2008 | Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia



ceesg
colexio de educadoras e
educadores sociais de galicia

Rúa Gómez Ulla 7, 3º
15702 Santiago de Compostela
A Coruña

T 981 552 206 | F 981 938 274
ceesg@colexioeducadores.com
www.colexioeducadores.com

ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DO CEESG 2008

O pasado 30 de maio, as/os educadoras/es sociais de Galicia tivemos unha nova cita na Asemblea Xeral Ordinaria do ceesg. Este órgano de participación e decisión colexial constitúe o espazo privilexiado onde dar conta das actuacións realizadas ao longo de todo ano e trazar as propostas de traballo a desenvolver nos vindeiros doce meses. Coa aprobación dos plans de traballo, renóvase a confianza da Asemblea para continuar a desenvolver os obxectivos estratéxicos do Colexio, comprometendo ao conxunto dos seus membros no seu logro.

As liñas estratéxicas que definen a actuación do ceesg para o 2008 son as seguintes:

A aposta pola profesionalización das/os educadoras/es sociais, a través dunha ampla oferta formativa centrada en distintos ámbitos (drogodependencias, saúde mental, xerontoloxía, educación, mediación, animación sociocultural e metodoloxías de intervención), e a través da edición de documentos específicos, como o presentado na Asemblea, no que se recolle a definición de Educación Social, o *Código Deontolóxico* e o *Catálogo de Funcións e Competencias* do/a educador/a social. Este documento, que en breve estará dispoñible para todos/as os/as interesados/as, supón un avance na regulación e madurez da profesión, no que sentamos as bases do que somos, do que facemos e dos criterios éticos polos que nos guiamos e actuamos.

A aposta pola profesionalización tamén pasa por coñecer as necesidades formativas das/os educadoras/es sociais. Para iso destinaremos unha enquisa específica que recibiredes por correo postal e electrónico, na que a participación colexial contribuirá a mellorar o deseño da oferta formativa e, en último termo, as vías de desenvolvemento socioprofesional na Educación Social.

A mellora da comunicación do ceesg, coa renovación dos principais soportes de información, tanto impresos (Galeduso e Boletín) como dixitais (Web), a partir de estudos avaliativos baseados na participación das/os educadoras/es sociais colexiadas/os e non colexiadas/os, que xa están en marcha. Esta nova etapa dos soportes de comunicación que-remos que estea caracterizada por unha orientación educativa, profesional, informativa, personalizada e participativa.

A difusión e promoción da Educación Social, fortalecendo o recoñecemento social, ampliando os espazos e ámbitos de traballo e visibilizando as boas prácticas. Concretamente, na presente anualidade editarase o primeiro número da colección *Colexio en Dixital* sobre iniciativas de Educación Social en normalización lingüística. Tamén nesta mesma liña está encadrado todo o que ten que ver con acción profesional, tanto da convocatoria de prazas -e presentación de recursos cando se considere preciso, como da análise da situación sociolaboral das/os educadoras/es sociais para elaborar os informes que se soliciten ou se consideren oportunos.

O fortalecemento da relación con outras institucións, e moi particularmente con outros colexios profesionais, para o que se definen actuacións concretas dirixidas ao desenvolvemento conxunto das profesións do social. Neste sentido, trabállase activamente participando no Consello Xeral de Colexios, fomentando as relacións interinstitucionais e coas Administracións Públicas, e tendo prevista a celebración de dous *Espazo Dialoga* arredor dos convenios laborais en colaboración cos colexios de Traballo Social, Psicoloxía e Socioloxía, así como cos sindicatos de traballadores e as principais patronais; e sobre a comunicación en Educación Social, conxuntamente co Colexio de Xornalismo, con miras á elaboración dun código de autorregulación na comunicación social da profesión.

Tamén destacamos para este ano a colaboración coas universidades no proceso de deseño dos novos plans de estudos conducentes á obtención do futuro título de *Grao en Educación Social*, e, a longo prazo, dos posgraos que se poidan efectivar en relación coa profesión.

A promoción da participación colexial, un dos piares do ceesg, que actualmente vincula de maneira directa ás e aos integrantes da xunta de goberno, un total de 14 persoas, máis tres grupos de traballo (xerontoloxía, acción cultural e centros escolares) e a colaboración de tan só 3 persoas colexiadas. Neste sentido, cómpre recoñecer a necesidade de complementar o aumento da participación formal na Asemblea, que nesta ocasión sumou un total de 25 persoas e 8 votos delegados, xunto con outras canles que avalen o labor da Xunta de Goberno e, paralelamente, acheguen as propostas alternativas que se consideren para fortalecer o Colexio, como a máxima institución representativa da profesión.

Ademais destas liñas estratéxicas, o ceesg ten a obriga de responder a cantas iniciativas requiran da nosa participación, de cara a mellorar a profesión e os ámbitos nos que a desenvolvemos. Neste sentido, son benvidas cantas consideracións se queiran aportar, prestando dende xa unha particular atención ás intervencións formuladas na Asemblea a respecto da definición dunha estratexia especificamente dirixida ás empresas de Educación Social, con miras á promoción do autoemprego; á difusión de información sobre a constitución do rexistro de sociedades profesionais; e á priorización das melloras a realizar na páxina web.

Para máis información, podeades consultar o seguinte enlace no que estará dispoñible a documentación deste encontro durante os próximos meses:

<http://www.colexioeducadores.com/documentacion.asp?sec=11&id=2037>

Área de Comunicación
Colexio de Educadores e Educadoras Sociais de Galicia

ACTUACIÓNS REALIZADAS

- Escrito ao Fiscal Xefe do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, solicitando unha cita co obxecto de plantexar que as agresións a educadores/as sociais en centros de menores sexan considerados como atentado, en aplicación do artigo 550 de Código Penal, tal como ocorre coas agresións a outros profesionais.
- Asistencia á Mesa Redonda “Violencia e infancia. Novos retos para o século XXI”, que tivo lugar o día 9 de maio en Santiago de Compostela, organizada polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. Asistiu Laura Cruz, Secretaria do CEESG.
- Participación na Mesa Redonda “Expectativas e necesidades das políticas públicas en relación á situación demográfica”, que tivo lugar no marco do Foro Cambio demográfico o día 15 de maio en Santiago, organizado pola Secretaría Xeral da Igualdade. Asistiu M^a Jesús Gutiérrez, Vogal do CEESG.
- Presentación do colexio aos alumnos de 3^o de Educación Social da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Vigo (Campus de Ourense) Tivo lugar o día 20 de maio. Asistiu Paloma Seijo, Tesoureira do CEESG.
- Envío ao Consorcio Galego de Igualdade e do Benestar de varios CDs das Actas da 2^a Escola de Primavera organizada polo CEESG en 2007, a petición do propio Consorcio, para distribución entre o persoal do programa de apoio á educación familiar “Tecendo redes”.
- Participación na Asemblea Xeral Ordinaria e reunión de traballo do CGCEES (Consejo General de Colegios Oficiales de Educadoras y Educadores Sociales), que tiveron lugar os días 9 e 11 de maio en Barcelona. Asistiron Pilar Cañas e Alberto Fernández-Sanmamed, Vogais do CEESG.
- Participación á Asemblea Xeral Ordinaria de Asedes (Asociación Estatal de Educación Social), o día 10 de maio en Barcelona. Asistiron Pilar Cañas e Alberto Fernández-Sanmamed, Vogais do CEESG.
- Colaboración coas IV Xornadas Interxeracionais Rurais Aprendendo cos nosos maiores, que comezaron en Cabreiros o día 31 de maio e terán continuidade os días 7 e 14 de xuño, organizadas pola Asociación de Veciños de Cabreiros, concello de Xermade e a Universidade de Santiago.
- Reunión monográfica de colexiados/as, co obxecto de analizar os sistemas de comunicación do CEESG, para a mellora dos mesmos.
- Edición e distribución do Libro de Actas da IV Xornada sobre Xerontoloxía e Educación Social.
- Distribución do CD “Educación Social” coeditado polo CEESG e pola Fundación Pere Tarrés. Recopila varios artigos da Revista “Educación Social. Revista de Intervención Socioeducativa”
- Edición e distribución da revista Galeduso nº 7.
- Estimación íntegra do recurso interposto ás bases das prazas de Educador/a Familiar e Orientador/a Laboral, convocadas polo concello de Vilanova de Arousa, de xeito que se admite nos procesos selectivos ás persoas habilitadas como educadoras/es sociais polo CEESG .
- Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que falla en contra do recurso contencioso-administrativo interposto ás bases das prazas de Educador/a / Profesor/a Especial pola quenda de acceso libre, convocadas pola Xunta de Galicia.
- Resolución do concello de Pontevedra polo que se desestima o recurso de reposición contra as bases de selección dun educador/a social, dado que nas propias bases se deben entender xa incluídas as persoas habilitadas profesionalmente polo colexio.
- Toma de contacto coa aseguradora Segurentín, que ofrece unha póliza individual de Seguro de Responsabilidade Civil aos colexiados/as, cunha cota de 18 € anuais.
- Encontro con M^a Jesús Lago Vilaboa, Secretaria Xeral do Benestar, na que se expuxeron diversos temas de actualidade, vinculados ao ámbito da infancia, dos que solicitamos información (Lei de Servizos Sociais, Observatorio Galego da Infancia, prazas que se crearán para a aplicación do Plan de Infancia, etc.) Tivo lugar o día 26 de maio. Asistiron Alfonso Tembrás e Pilar Cañas, Vicepresidente e Vogal do CEESG.
- Colaboración coa Asociación Galega para a Axuda dos Enfermos con Demencia tipo Alzheimer (AGADEA), que ofreceu 10 prazas gratuítas para a asistencia de colexiados/as ao curso Enfermidade de Alzheimer, abordaxe multidisciplinar para cuidadores/as.
- Celebración da 3^o Escola de Primavera: Educación Social e cidadanía. Intervención na escola e na comunidade, que tivo lugar os días 29 e 30 de maio na Facultade de Ciencias da Educación (Campus Sur) da Universidade de Santiago.
- Celebración da Asemblea Xeral do CEESG, o día 30 de maio. Aprobación das memorias de traballo e económica de 2007, dos plans de traballo e orzamento para 2008, e dos documentos profesionalizadores.

NOVAS PUBLICACIÓNS DISPOÑIBLES NA BIBLIOTECA DO CEESG

- “Infoxove” Nº 25. Maio 2008. Xunta de Galicia.
- “Entre Mayores. Hablamos de ti” Nº 79. Maio 2008.
- “UNICEF” Nº 202. Abril 2008. UNICEF—Comité Español.
- CID FERNÁNDEZ, X.M. (Coord.) (2008): *Tomando altura no Espazo Europeo. Intercambio de experiencias innovadoras na Facultade de Ciencias da Educación*. Universidade de Vigo. Facultade de Ciencias da Educación de Ourense.
- RODRÍGUEZ CABRERO, G. (Coord.) (1999): *La protección social de la dependencia*. Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales.
- RODRÍGUEZ CABRERO, G. (Coord.) (1997): *Participación social de las personas mayores*. Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales.
- AA.VV. (1998): *Evolución y extensión del servicio de ayuda a domicilio en España*. Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales.
- VERDUGO ALONSO, M.A. (DIR.) (1993): *Maltrato infantil y minusvalía*. Ministerio de Asuntos Sociales.
- AA.VV. (1995): *Cuidados en la vejez. El apoyo informal*. Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales.
- Clasificación Internacional del Funcionamiento, de la Discapacidad y de la Salud*. Organización Mundial de la Salud. Organización Panamericana de la Salud. Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales. 2001.
- Claves sobre a pobreza e a exclusión social en España*. Fundación Luis Vives.
- CID FERNÁNDEZ, X.M. e NUNES PERES, A. (Eds.) (2007): *Educación Social, Animación Sociocultural y Desarrollo Comunitario*. Universidade de Vigo - Facultade de Ciencias da Educación. Universidade de Tras-os-Montes e Alto Douro. Sociedad Iberoamericana de Pedagogía Social (SIPS).
- A acción municipal en cultura, deportes e xuventude na provincia da Coruña*. Deputación Provincial de A Coruña.

ARTIGO DE INTERESE: PRÓXIMO COBRO DE COTAS COLEXIAIS

A finais do mes de xullo realizarase o cobro da cota de mantemento do segundo semestre do 2008, que ascende á seguinte cantidade:

- COTA XERAL: **66,50 €**
- COTA BONIFICADA POR DESEMPREGO: **33,20 €**
- COTA BONIFICADA POR SALARIO INFERIOR AO SMI: **49,90 €**

As persoas que desexen beneficiarse das cotas bonificadas deben facer chegar ao CEESG a documentación oportuna **antes do día 1 de xullo**. Non serán admitidas solicitudes de cotas bonificadas con posterioridade á data sinalada, dada a existencia de xuros bancarios sufragados por emisión e devolución de cotas.

Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia

FORMACIÓN CONTINUA

FORMACIÓN EN TERAPIA FAMILIAR E INTERVENCIÓN SISTÉMICAS (A distancia)

Organiza: Escola Vasco Navarra de Terapia Familiar.

Contido: Diversos cursos sobre terapia familiar e intervención sistémica, en modalidade presencial (en Bilbao) ou on-line.

Información: Escola Vasco Navarra de Terapia Familiar.

C/ Luzarra, nº 18 - 1º - 48014 Bilbao

Tel.: 944757880 / Fax: 944759484 / evntf@avntf-evntf.com

www.avntf-evntf.com/homeescuela.asp

Seminario: A EDUCACIÓN AO LÍMITE: É POSIBLE UNHA PEDAGOXÍA PENITENCIARIA?

Organiza: Universidade Internacional Menéndez Pelayo.

Lugar: A Coruña (Fundación Luís Seoane)

Datas: do 15 ao 19 de setembro de 2008

Información: Secretaría de alumnos da UIMP.

Tels: 981 140830 / Fax: 981 140825 / galiciasa@uimp.es

www.uimp.es

NOVAS DOS BOLETÍNS

EMPREGO

Concello de Moaña (Pontevedra): Anuncio da Oferta de Emprego Público 2007. Unha praza de Técnico de Animación Xuvenil. DOG de 09/05/2008

Concello de Vila de Cruces (Pontevedra): Anuncio da Oferta de Emprego Público 2008. Unha praza de Axente local de emprego. Unha praza de Educador/a familiar. DOG de 15/05/08 e BOP de 16/05/08

Concello de Lugo: Anuncio da Oferta de Emprego Público 2008. Dúas prazas de Educador/a social. Dúas prazas de Animador/a sociocultural. Unha praza de Orientador/a Laboral. DOG de 21/05/08

Concello de O Rosal (Pontevedra): Anuncio da Oferta de Emprego Público 2008. Unha praza de Educador/a familiar. Unha praza de Informador/a xuvenil e animador/a sociocultural. BOP de 21/05/08

Concello de Muros (A Coruña): Bases da convocatoria dunha praza de Monitor cultural. BOP de 19/05/08

Concello de Cerdedo (Pontevedra): Bases para cubrir unha praza vacante de axente de emprego e desenvolvemento local. BOP de 27/05/08

OUTROS

Consellería de Traballo: Orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa de emprego con apoio como medida de fomento do emprego de persoas con discapacidade no mercado ordinario de traballo. DOG de 02/05/08

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: Orde pola que se convocan axudas económicas dirixidas ás asociacións e fundacións con fins pedagóxicos e sen ánimo de lucro, legalmente constituídas, para a realización de actividades organizadas co alumnado e coas familias de Galicia. DOG de 13/05/08

Consellería de Traballo: Orde pola que se establecen as bases reguladoras dos programas para a promoción da integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego e na empresa ordinaria. DOG de 15/05/08

Consellería de Cultura: Orde pola que se establecen as bases de concesión de subvencións a asociacións e institucións culturais para a realización de actividades de promoción da lectura e a creación de clubs de lectura. DOG de 16/05/08

Consellería de Cultura: Orde pola que se aproban as bases da concesión de axudas a asociacións e institucións culturais para a realización de actividades culturais relacionadas coa recuperación da memoria histórica. DOG de 14/05/08

Consellería de Cultura: Orde pola que se aproban as bases da concesión de axudas a asociacións e institucións culturais de ámbito de actuación igual ou inferior ao provincial para a realización de actividades culturais. DOG de 14/05/08. Corrección no DOG de 20/05/08

Consellería de Cultura: Orde pola que se aproban as bases da concesión de axudas a fundacións, asociacións e institucións culturais, de ámbito supra-provincial para o seu funcionamento e para a realización de programas culturais. DOG de 14/05/08. Corrección no DOG de 20/05/08

Deputación de Pontevedra: Bases reguladoras do Premio Carmen Ferro 2008. BOP de 21/05/08

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar: Orde pola que se aproban as bases das axudas e subvencións a entidades locais de Galicia para o desenvolvemento de programas experimentais e innovadores en materia de prevención e tratamento integral da violencia de xénero. DOG de 22/05/08

Deputación de Pontevedra: Convocatoria de subvencións destinadas a programas para concienciar e sensibilizar á poboación sobre a importancia da auga e o desenvolvemento sostible. BOP de 27/05/08

Consellería de Traballo: Orde pola que se establecen as bases dos programas de fomento do emprego en empresas de economía social e de promoción do cooperativismo. DOG de 29/05/08

Deputación de Pontevedra: Convocatoria dos Premios Provinciais á investigación 2008. BOP de 30/05/08

Consellería de Sanidade: Orde pola que se establecen as bases das subvencións a proxectos de accións e investigación-acción que teñan relación co esforzo global ant VIH-sida. DOG de 04/06/08.

EMPREGO

OFERTAS DE EMPREGO)

Posto: Monitor/a de tempo libre. Realizará actividades lúdicas con nenos de 6 a 12 anos. Requírese titulación e carné de conducir B. Entre 18 e 30 anos. Valoran titulación de pedagogía, psicopedagogía, maxisterio ou educación social.

Oferta nº: 967298 **Lugar:** Alfoz (Lugo)

Posto: Monitor/a de tempo libre. Realizará actividades lúdicas con nenos de 6 a 12 anos. Requírese titulación, experiencia e carné de conducir B. Entre 18 e 30 anos. Valoran titulación de pedagogía, psicopedagogía, maxisterio ou educación social e outras relacionadas co ámbito educativo.

Oferta nº: 967297 **Lugar:** Xermade (Lugo)

Posto: Monitor/a de ocio e tempo libre. Preparará actividades de ocio e tempo libre para un acto con nenos, mozos e adultos o día 5 de xullo. Requírese experiencia en xogos e talleres, titulación acreditada e dispoñibilidade para reunións organizativas previas. Entre 18 e 35 anos.

Oferta nº: 967187 **Lugar:** zona de Ribadeo (Lugo)

Posto: Educador/a de apoio en casa de familia. Participará na elaboración, execución e seguimento do proxecto educativo individual dos nenos/as residentes. Valoran titulación universitaria do ámbito social. Necesario capacidade para traballar en equipo, residir na zona, flexibilidade horaria e dispoñibilidade para durmir na casa polo menos unha noite semanal.

Oferta nº: 967408 **Lugar:** O Barco de Valdeorras (Ourense)

Posto: Director/a de equipo educativo. Coordinará e acompañará un equipo educativo, responsabilizarse da elaboración, execución e seguimento do proxecto educativo individual dos nenos/as e adolescentes residentes nunha casa de familia. Traballará en rede con equipos do menor da Xunta e outros. Necesaria experiencia no ámbito de menores e titulación de grao medio ou superior na rama social, ou habilitación como educador/a social polo CEESG.

Oferta nº: 967233 **Lugar:** Vigo (Pontevedra)

Información: 902116039

Máis ofertas en: www.cimoemprego.com

Selección de ofertas en: www.colexioeducadores.com